



RESUMO DA SESIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 28 DE ABRIL DE 2010

Ás 10.00 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no [anexo I](#).

1. Informe do reitor

O Sr. Reitor comeza a súa intervención dándolles conta aos membros do Consello de Goberno dos temas tratados na sesión do Consejo de Universidades, realizada o pasado día 26 de abril, e dos temas tratados na Conferencia de Política Universitaria, tamén realizada o día 26 de abril, facendo especial mención aos proxectos de normas sobre estudos de doutoramento, estudantado e financiamento. Na súa intervención, o Sr. Reitor tamén informa da realización dunha sesión ordinaria do Claustro o día 16 de abril, en que, á parte de proceder á aprobación do informe de xestión do ano 2009, se deu conta do proxecto de campus de excelencia internacional da Universidade da Coruña sobre novas tecnoloxías para a sustentabilidade e do acordo entre as tres universidades galegas para unha actuación conxunta no Sistema Universitario de Galicia en materia de campus de excelencia internacional. O Sr. Reitor, logo de rematar informando da sinatura dun convenio con Caixa Galicia para o financiamento de actividades do noso Observatorio Ocupacional, quere amosar o pesar da Universidade da Coruña polo pasamento de don José María Pujalte Giménez, xerente no seu día da Universidade da Coruña.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen lles dá conta aos membros do Consello de Goberno da sinatura do II convenio colectivo de persoal docente e investigador do sistema universitario de Galicia e do pagamento dos atrasos dos complementos autonómicos na nómina do mes de maio, logo de que a Administración se comprometera a enviar os fondos económicos correspondentes na última reunión da mesa sectorial de universidades do Sistema Universitario de Galicia. Remata a súa intervención dando conta das prazas de profesorado convocadas polo procedemento de urxencia.



O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Calidade e Novas Tecnoloxías, quen lles dá conta aos membros do Consello de Goberno de actuacións concretas da súa vicerreitoría tales como o envío a centros propios de noventa encerados dixitais e da realización de xornadas informativas para o seu uso e aproveitamento. E tamén do envío das chamadas aulas informáticas dinámicas, que permiten o uso das novas tecnoloxías como ferramenta docente en calquera das aulas da nosa universidade, dado que se trata de ferramentas móbiles.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Ferrol e Relacións Universidade Empresa, quen informa de que o 20 de abril se reuniu a Comisión de Avaliación das Empresas de Base Tecnolóxica do Viveiro de Empresas da UDC. Logo do estudo das oito iniciativas presentadas para a última convocatoria, decidiuse avaliar positivamente e conceder un espazo no viveiro de empresas da UDC as iniciativas Goovent, Transferencia de Tecnoloxía do Grupo Arquitectura de Computadores e Trileuco Solutions. Estas iniciativas encádranse dentro das tecnoloxías da información e as comunicacións, aínda que das oito presentadas nesta convocatoria houbo cinco no ámbito das TIC, dúas no xurídico-social, e unha relativa a agricultura. En concreto, Goovent é unha iniciativa promovida por estudantes de Deseño e Informática; Transferencia de Tecnoloxía do Grupo Arquitectura de Computadores é promovida por profesorado da Facultade de Informática; e Trileuco Solutions é promovida por estudantes de Informática. Tamén sinala que o 26 de abril se resolveu a convocatoria do I Panel de Innovacións e Tecnoloxías da UDC (INTEC), que é un programa complementario ao de Estruturação Comercial do que se levan xa dúas convocatorias. O INTEC ten por obxecto seleccionar diferentes tecnoloxías da UDC, para seren presentadas a empresas e institucións potencialmente interesadas en financiarlas. Resolveuse seleccionar nesta primeira convocatoria a determinación de especies de Sn; Hg; Pb; As e Se en diversas matrices; a MIA-SOFT (sóftware integrado para a monitoraxe intelixente de apneas do sono); o sistema construtivo industrializado para a execución de edificacións habitables de varias plantas desde cota cero mediante paneis portantes lixeiros; a Speeding up Java Applications (Speed Japps); a desenvolvemento de ferramentas de redacción de planeamento urbanístico en formato FIP (formato de intercambio de planeamento) sobre o aplicativo gvSIG; o desenvolvemento de novas vacinas contra as enfermidades infecciosas vibrose e furunculose. Remata sinalando que a Universidade da Coruña, a través do seu Consello Social, e INDITEX acordaron, co financiamento desta última, elaborar unha memoria de



responsabilidade social universitaria da UDC. Constituíuse un grupo de traballo en que participan os Sres. vicerreitores de Infraestruturas e Xestión Ambiental, o vicerreitor de Cultura e Comunicación e o vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade-Empresa, e que tras estableceren unha folla de ruta para a elaboración dunha memoria RSU por parte da UDC o obxectivo é elaborar e presentar a dita memoria antes de fin deste ano 2010.

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Estudantes e Relacións Internacionais, quen informa da XVIII Xornada de Orientación na Escola de Náutica coa asistencia de 2179 estudantes de ensino secundario procedentes de 55 institutos, principalmente da provincia da Coruña. Informa tamén de que a II Xornada de Espazo Europeo de Educación Superior na UDC dirixida aos orientadores, equipos directivos de institutos e oficinas de información xuvenil dos concellos terá lugar esa mesma tarde a partir das 16:30 horas. Lembra que saíu a convocatoria de mobilidade destinada ao profesorado e ao alumnado dos mestrados (Orde EDU/959/2010 de 14 de abril, BOE do 19 de abril) e así mesmo que se fixo pública a convocatoria das axudas do programa Leonardo da Vinci para prácticas preprofesionais en empresas europeas destinadas a titulados da Universidade da Coruña. Estas axudas que empezaron con 30 prazas como experiencia piloto suman hoxe en día 95. Por fin, informa da posta en marcha dunha campaña de fomento para a continuidade da aprendizaxe de linguas estranxeiras destinada ao estudantado.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental, quen lles dá conta aos membros do Consello de Goberno da pegada ecolóxica da Universidade da Coruña no ano 2008, tal e como figura no [anexo II](#).

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicexerente do Campus da Coruña, que en nome do Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, informa das imputacións de expedientes e da validación de expedientes correspondentes ao ano 2009 que figura no [anexo III](#). Aproveita o uso da palabra para informar tamén de temas relacionados co persoal de administración e servizos desta universidade. Neste sentido, sinala que continúan as dúas reunións semanais entre a Xerencia e o Comité de Empresa, en que se está traballando na RPT do PAS laboral e de xeito paralelo nas convocatorias con que se executa a RPT vixente neste momento (2005). Están enviadas para informe do Comité de Empresa todas



as convocatorias, agás 3 de técnicos superiores e 1 de técnico de grao medio, xa que se está a traballar no temario, dado que non hai ningunha proposta da Comisión Técnica que no seu día se ocupou deste asunto. Están enviadas ao DOG e ao BOE para a súa publicación as convocatorias de selección de persoal funcionario da escala auxiliar administrativa (C2) e da escala de auxiliares de arquivos, bibliotecas e museos (C1). Igualmente, está enviada para informe por parte da Xunta de Persoal a convocatoria de concurso de traslados do PAS funcionario previsto, segundo o calendario aprobado, para o primeiro semestre de 2010. Enviouse, así mesmo, para informe da Xunta de Persoal, o borrador de convocatoria de concurso específico para a praza de xefe/a do Servizo de Intervención, e non se propón a convocatoria das prazas de xefe/a do Servizo de Retribucións, Seguridade Social e Acción Social nin a de xefe/a do Servizo de Persoal de Administración e Servizos, xa que están inmersas nun proceso xudicial, e ata que non remate enténdese que estas prazas non son vacantes e non están en condición de se ofertaren. Así mesmo, comunicóuselle á Xunta de Persoal que salvo que nos vindeiros días, esperárase até o día 1 de maio, se reciba unha proposta do Servizo de Biblioteca (solicitóuselle o 22 de decembro de 2009) a Xerencia mantén para a convocatoria de prazas de axudantes de biblioteca un texto igual ao da última convocatoria. Remata sinalando que xa está publicada a nova resolución pola que se regulan as listaxes de espera de PAS funcionario (con data de 26 de abril) e como se lle enviou á Asesoría Xurídica para o seu informe, non se publicou até o ter.

2. Aprobación, se proceder, da acta da sesión ordinaria do 25 de febreiro de 2010

Apróbanse, por asentimento, as actas da sesión ordinaria do 25 de febreiro de 2009, que estivo a disposición dos membros do Consello de Goberno na Secretaría dos seus respectivos centros e na Secretaría Xeral da Universidade.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o Sr. Secretario Xeral infórmaos dos 85 convenios que figuran no [anexo IV](#), que se clasifican nesta ocasión en convenios marco (7), convenios específicos (33) e convenios para prácticas



(45), e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

Os convenios en cuestión son aprobados por asentimento.

4. Proposta de modificación dos centros da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais e da Escola Universitaria de Estudos Empresariais

O Sr. Reitor dálles conta aos membros do Consello de Goberno da proposta de fusión dos dous centros sinalados en escritos razoados e fundamentados que figuran como anexo na acta desta sesión do Consello de Goberno. O Sr. Reitor aproveita para informar de como é o procedemento legalmente establecido para tales efectos.

Logo dunha quenda de intervencións, en que participan o Sr. Rego Veiga, a Sra. González Martínez, o Sr. Casabella López e o Sr. Fernández López, apróbase por asentimento a proposta de fusión en cuestión.

5. Cambio de denominación da Escola Universitaria de Relacións Laborais de Ferrol

O Sr. Reitor dálles conta aos membros do Consello de Goberno da proposta de cambio de denominación da Escola Universitaria de Relacións Laborais de Ferrol pola de Facultade de Ciencias do Traballo en escrito razoado e fundamentado que figura como anexo na acta desta sesión do Consello de Goberno. O Sr. Reitor tamén aproveita para informar de como é o procedemento legalmente establecido para tales efectos.

Logo dunha quenda de intervencións, en que participa o Sr. Casteleiro Maldonado, apróbase por asentimento a citada proposta de cambio de denominación.

6. Adaptación dos programas de doutoramento regulados polo RD 56/2005 á normativa vixente recollida no RD 1393/2007

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Investigación, quen dá conta da relación de programas de doutoramento regulados polo Real decreto 56/2005 que deben adaptarse ao establecido no Real decreto 1393/2007 e que figuran no [anexo V](#). A Sra. Vicerrectora insiste en indicar



que non son programas de doutoramento novos, senón programas xa existentes que deben adecuarse á lexislación actualmente en vigor sobre a materia.

Logo dunha quenda de intervencións, en que participa o Sr. Casabella López, apróbase por asentimento a adaptación dos citados programas de doutoramento en cuestión.

7. Calendarios académicos

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, quen informa das distintas propostas de calendarios académicos, que son concretamente as catro seguintes.

Informa, en primeiro lugar, da proposta de calendario para o curso académico 2010/2011 para as titulacións non adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior (en extinción), que figura no [anexo VI](#). Na quenda de intervencións aberta para tales efectos participa o Sr. Casteleiro Maldonado.

Apróbase por asentimento a citada proposta de calendarios académico.

Informa, en segundo lugar, da proposta de calendario para o curso académico 2010/2011 para os estudos oficiais de grao e mestrado, que figura no [anexo VII](#). Na quenda de intervencións, participan o Sr. Casabella López, o Sr. Rego Veiga, o Sr. Naviera Facal e a Sra. López Fernández.

Apróbase por asentimento a citada proposta de calendario académico.

Informa, en terceiro lugar, da proposta de calendario de preinscrición e matrícula nos mestrados universitarios para o curso 2010/2011, que figura no [anexo VIII](#). Na quenda de intervencións participan o Sr. Casabella López, a Sra. López Fernández e o Sr. Dópico Calvo.

Apróbase por asentimento a citada proposta de calendario académico, logo de substituír a expresión «o estudantado procedente de Iberoamérica» pola expresión «o estudantado alleo ao Espazo Europeo de Educación Superior».



Informa, por último, da proposta de calendario e do procedemento de solicitudes de novos mestrados para o curso académico 2011/2012, que figura no [anexo IX](#) e que está elaborada sobre a necesidade de mellorar e racionalizar a oferta actualmente existente, incentivando a presentación de propostas de mestrados interuniversitarios e internacionais e valorando positivamente que a súa impartición sexa nunha alta porcentaxe en lingua inglesa. Na quenda de intervencións participan a Sra. López Poza, o Sr. Casteleiro Maldonado, o Sr. González López, o Sr. Casabella López e a Sra. Vicerreitora de Estudantes e Relacións Internacionais.

Logo da intervención da Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, apróbase por asentimento a citada proposta de calendario e de procedemento de solicitudes de novos mestrados.

8. Límite de prazas para o curso escolar 2010/2011

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, quen informa da proposta de límite de prazas para o curso escolar 2010/2011, que figura no [anexo X](#).

Logo dunha quenda de intervencións, en que participan os Sres. Casabella López e Baaliña Insúa, apróbase a proposta de límite de prazas que figura no mencionado anexo.

9. Modificación do Regulamento de estudos propios de posgrao

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, quen informa da proposta de modificación do Regulamento de estudos propios de posgrao que figura no [anexo XI](#).

Logo da quenda de intervencións en que participa a Sra. López Poza, apróbase por asentimento a modificación do regulamento de estudos propios de posgrao.

10. Prazas de profesorado

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen dá conta da relación de prazas de PDI funcionario e de PDI contratado que



figura no [anexo XII](#) e que contan co informe favorable da mesa sindical e da Comisión de Organización Académica e Profesorado.

Apróbase por asentimento a relación de prazas en cuestión e tamén as composición dos tribunais encargados de realizaren as probas de selección, que figuran no [anexo XIII](#).

11. Cambio de dedicación

Logo de que o Sr. Vicerreitor de Profesorado informase das solicitudes de cambios de dedicación que figuran no [anexo XIV](#), apróbanse por asentimento as solicitudes de cambio de dedicación en cuestión, e fica condicionada ao informe favorable do departamento a solicitude presentada polo Sr. Grandío Dopico.

12. Anos sabáticos

Logo de que o Sr. Vicerreitor de Profesorado informase das solicitudes de anos sabáticos que figuran no [anexo XV](#), apróbanse por asentimento a concesión de anos sabáticos en cuestión.

13. Licenzas do Programa de promoción de titulares de escola universitaria e profesorado colaborador

O Sr. Vicerreitor de Profesorado dálles conta aos membros do Consello de Goberno das solicitudes de licenza que figuran no [anexo XVI](#) e que foron formalizadas ao abeiro do programa de promoción de titulares de escola universitaria e profesorado colaborador.

Apróbanse por asentimento as solicitudes de licenzas en cuestión.

14. Profesorado emérito

Logo de que o Sr. Vicerreitor de Profesorado dese conta das solicitudes de renovación de profesorado emérito e de proposta de nomeamento de profesorado emérito que figuran no [anexo XVII](#), apróbanse tales solicitudes por asentimento dos membros do Consello de Goberno.



15. Venias docentes

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen dá conta das dúas solicitudes de venias docentes para o curso académico 2009/2010 que figuran no [anexo XVIII](#) e que contan cos informes preceptivos.

Apróbase por asentimento as venias docentes en cuestión.

16. Proposta de modificación do Regulamento de réxime interno do Departamento de Enxeñaría Industrial II

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Secretario Xeral. Logo de explicar a proposta de modificación parcial do Regulamento de réxime interno do Departamento de Enxeñaría Industrial II, que trae causa de necesidade de axustar formalmente este regulamento á reforma do Estatutos da Universidade da Coruña, apróbase por asentimento a modificación en cuestión.

17. Servizo de impresión en aulas net

O Sr. Reitor explica as razóns que determinaron a inclusión deste punto na orde do día e que traen causa da solicitude formalizada por parte da representación do estudantado na última sesión do Claustro da nosa universidade, realizada o pasado día 16 de abril de 2009, de incluír o tema na seguinte sesión do Consello de Goberno.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Sánchez García, quen na súa intervención informa os membros do Consello de Goberno da situación actual do servizo de impresión nas aulas net da Universidade da Coruña e propón ao consello de goberno que se posicione en contra da eliminación (parcial) das impresións gratuítas en branco e negro nas aulas net e que se inste ao equipo reitoral a iniciar un proceso de negociación para chegar a un consenso cos estudantes co fin de acadar unha mellora real do servizo antes do troco. Na quenda de intervencións tamén participan os representantes da Asociación Estudiantil IESGA, o Sr. Castro Brandariz, a Sra. Vicerreitora de Calidade e Novas Tecnoloxías, a Sra. Vicerreitora de Estudantes e Relacións Internacionais, a Sra. Vicerreitora de Investigación, o Sr. Dópico Calvo e o Sr. Fernández López.



O Sr. Sánchez García solicita que se someta á votación o posicionamento en contra da eliminación (parcial) das impresións gratuítas en branco e negro nas aulas net e que se inste ao equipo reitoral a iniciar un proceso de negociación para chegar a un consenso cos estudantes co fin de procurar unha mellora real do servizo antes do troco. Ao respecto, o Sr. Reitor indícalle que por parte do equipo de goberno sempre se está en disposición de dialogar co estudantado para mellorar este servizo, razón pola cal só procede votar o posicionamento en contra da eliminación parcial das impresións gratuítas en branco e negro nas aulas net.

Logo da votación, o resultado é de 2 votos a favor da eliminación parcial das impresións gratuítas en branco e negro nas aulas net, 22 votos en contra desta eliminación e 7 abstencións.

18. Quenda aberta de intervencións

Toma a palabra o Sr. De Salvador González para realizar unha serie de comentarios sobre o procedemento actualmente existente para cubrir temporalmente as vacantes docentes provocadas por situacións imprevistas en relación co criterio das tres horas semanais. Entende que é un criterio moi restritivo e propón que o cómputo debería ser outro e que se aplicase tamén por extensión ao persoal docente e investigador funcionario. Remata a súa intervención centrándose na asignación conxunta de materias dos posgraos a distintas areas de coñecemento. Na súa resposta, o Sr. Vicerreitor de Profesorado sinálalle en relación coa primeira cuestión que se trata de normativa de contratación de profesorado polo procedemento de urxencia e que o límite das tres horas figura nesta normativa por petición expresa dos representantes dos traballadores implicados, sen prexuízo de indicarlle tamén que hai outros medios de cobertura como son as listaxes de agarda e que o persoal docente e investigador funcionario pode facer horas adicionais. E tocante ao encargo de docencia para os mestrados, sinálalle que se trata dunha cuestión máis regulada no caso dos graos que no caso dos mestrados, mais, con todo, engade que o encargo se pode facer á persoa ou á area, que é algo que lle corresponde decidir ao coordinador ou coordinadora.

Toma a palabra o Sr. González Santos para realizar unha serie de consideracións en relación coa intervención da Sra. Vicexerente do Campus da Coruña do punto primeiro desta orde do día, indicando que hai certo retraso nas convocatorias de prazas do persoal de administración e



servizos, en especial nas de auxiliares de biblioteca. Tamén repara nos casos de mobilidade do funcionario por razóns de saúde, pois semella que non se cursan as solicitudes actualmente presentadas mentres non se resolvan os concursos pendentes, o cal non semella moi correcto tendo en conta que se debería actuar de conformidade co que está aprobado legalmente. Logo de solicitarlle ao Sr. Reitor que non debe cortar os debates que adoitan darse nas sesións do Claustro no punto sobre quenda aberta de intervencións, que foi o que se fixo na súa última sesión, dado que son poucas as sesións do Claustro, pídelle ao Sr. Reitor que poña fin á situación de interinidade que hai na Xerencia da nosa universidade coa súa redefinición, pois hai un incremento na súa carga de traballo, cuxa correcta execución esixe acabar coa situación en que se encontra. En resposta, a Sra. Vicexerente do Campus da Coruña reconece que houbo certo retraso, que non sempre se debe ao labor da Xerencia, dado que, en ocasións, houbo retraso no parte da representación dos traballadores na emisión de informes sobre convocatorias. Verbo do tema dos auxiliares de bibliotecas, sinala que a persoa encargada de elaborar os temarios tivo unha actuación neste sentido máis que mellorable, razón pola que houbo que refacer os temarios e iniciar de novo o proceso de consultas. Remata sinalando que a solicitude de mobilidade por razóns da saúde xa está resolta.

Toma a palabra o Sr. Castro Brandariz, quen centra a súa intervención nun estudo de estatísticas académicas do estudantado das enxeñarías técnicas industriais de electricidade e electrónica, que entrega para que figure como anexo da acta desta sesión do Consello de Goberno.

Toma a palabra a Sra. González Martínez, quen lle pide ao Sr. Reitor que cumpra cos acordos asinados cos representantes do persoal de administración e servizos coa celeridade debida, ao tempo que pon de manifesto que a Xunta de Persoal responde con axilidade en todo aquilo en que se pide que informe e non comparte que a persoa encargada dun servizo non conteste cando se lle pide a súa actuación en materia de convocatoria de prazas.

Remata a quenda de intervención a Sra. López Fernández para solicitar que os teléfonos móbiles deberían ter silenciados os seus sons durante a sesión do Consello de Goberno e que as actuacións que se están a facer nas vías de Elviña se realicen tamén na Zapateira, nomeadamente na contorna da Facultade de Filoloxía.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:00 horas.